



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Expediente: 2022/G010/000010

Valdoviño, 7 de xullo de 2022.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Ana Belén Pérez Fernández

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Kristel Testa Ameneiros

BNG:

Carlos Alberto Ameneiros Serantes

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asiste por causas xustificadas: don Alejandro Antonio García Sousa e don Germán Gómez Senra do PsdeG-PSOE e don Javier Bouzamayor Casas do PP.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 02.06.22 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión citada, queda aprobada sen nengunha obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria

e aprobada por unanimidade dos asistentes á sesión). Non vota o Sr. Ameneiros Serantes, por non ter asistidos á sesión do 2.06.22.

2º.-RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 2022 (REC 2/2022).-

/Ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 7.07.22 a proposta de Alcadía que de seguido se enuncia, elevase ao Pleno para a súa aprobación/:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS REC 2/2022

Vistas as facturas presentadas no exercicio 2022 por servizos prestados durante o ano 2021 e que carecían de crédito adecuado e suficiente no momento da prestación dos devanditos servizos.

Elaboráronse as seguintes relacións de facturas que figuran cos números REC 2/2022 conformada pola factura que tivo entrada no ano 2022 e que se remitiron pola Intervención Municipal. A contía total da relación de 1 factura ascende á cantidade de SETE MIL CINCOCEMOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (7.543,61 €).

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas nas citadas relacións.

A Alcadía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcadía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, así como o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- O levantamento do reparo interposto pola Intervención Municipal ao expediente de recoñecemento extraxudicial 2/2022 no seu informe.

SEGUNDO.- Aprobar a relación de factura sinalada, REC 2/2022 e F/2022/3, con cargo aos créditos iniciais do exercicio 2022 así como AUTORIZAR o correspondente pagamento por importe bruto de 7.543,61 euros, a prol dos acredores e nas contías individualizadas.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo aos Departamentos de Secretaría, Intervención e Tesourería do Concello.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O alcalde,
D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcadía.

Votos favorables dos membros do PSG-PSOE: 7 votos e da concelleira de CENVAL: 1 voto; abstención da concelleira asistente do PP (1 voto) e abstención do BNG: 1 voto.

3º.-MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 9/2022 SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIAS POR ANULACIÓN.

/Ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 7.07.22 a proposta de Alcladía que de seguido se enuncia, elevase ao Pleno para a súa aprobación/:

PROPOSTA DA ALCALDÍA ASUNTO:

“MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 09/2022 SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIAS POR ANULACIÓN

Incoado o expediente de suplemento de crédito número 09/2022, financiado con anulacións en créditos de gasto, co obxecto levar a cabo diversas actuacións e adquirir certo mobiliario que posibiliten o uso adecuado das instalacións deportivas municipais do campo municipal de Mourente por un importe total de 76.943,32 €.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido

Da dicción literal do mesmo despréndese: “1. *Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario, en el primer caso, o de suplemento de crédito, en el segundo.*

2. *El expediente, que habrá de ser previamente informado por la Intervención, se someterá a la aprobación del Pleno de la corporación, con sujeción a los mismos trámites y requisitos que los presupuestos. Serán asimismo, de aplicación, las normas sobre información, reclamación y publicidad de los presupuestos a que se refiere el artículo 169 de esta ley.”*

3. *Si la inexistencia o insuficiencia de crédito se produjera en el presupuesto de un organismo autónomo, el expediente de crédito extraordinario o de suplemento de crédito propuesto inicialmente por el órgano competente del organismo autónomo a que aquél corresponda, será remitido a la entidad local para su tramitación conforme a lo dispuesto en el apartado anterior.*

4. *El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone.*

Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos o mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio.

En el expediente se acreditará que los ingresos previstos en el presupuesto vengan efectuándose con normalidad, salvo que aquéllos tengan carácter finalista.

5. *Excepcionalmente, y por acuerdos adoptados con el quórum establecido por el artículo 47.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, se considerarán recursos efectivamente disponibles para financiar nuevos o mayores gastos, por operaciones corrientes, que expresamente sean declarados necesarios y urgentes, los procedentes de operaciones de crédito en que se den conjuntamente las siguientes condiciones:*

Que su importe total anual no supere el cinco por ciento de los recursos por operaciones corrientes del presupuesto de la entidad.

Que la carga financiera total de la entidad, incluida la derivada de las operaciones proyectadas, no supere el 25 por ciento de los expresados recursos.

Que las operaciones queden canceladas antes de que se proceda a la renovación de la Corporación que las concierte.

6. Los acuerdos de las entidades locales que tengan por objeto la habilitación o suplemento de créditos en casos de calamidades públicas o de naturaleza análoga de excepcional interés general, serán inmediatamente ejecutivos, sin perjuicio de las reclamaciones que contra ellos se promovieran, las cuales deberán sustanciarse dentro de los ocho días siguientes a la presentación, entendiéndose desestimadas de no notificarse su resolución al recurrente dentro de dicho plazo.

E en virtud do artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril: “Los créditos extraordinarios son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos mediante los que se asigna crédito para la realización de un gasto específico y determinado que no puede demorarse hasta el ejercicio siguiente y para el que no existe crédito. (Artículo 158.1, LRHL).

Los suplementos de créditos son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos en los que concurriendo las mismas circunstancias anteriores en relación con el gasto a realizar, el crédito previsto resulta insuficiente y no puede ser objeto de ampliación. (Artículo 158.1, LRHL).”

Visto o informe de Intervención accidental SMP 01/2022 de data 28/06/2022, esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de modificación de crédito nº 09/2022 suplemento de crédito financiado con anulacións de aplicacións do orzamento de gastos, por importe de 76.943,32 € de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-

GASTO	IMPORTE	APLICACION ORZAMENTARIA	
Instalacións deportivas. Inversión en mobiliario	76.943,32 €	341	62500
TOTAL	76.943,32 €		

TOTAL HABILITACIÓNES.....76.943,32 €

II-FINANCIACIÓN:

Baixas por anulación de créditos		
326.60000	Servizos complementarios de educación. Inversión nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	29.943,32 €
130.60000	Administración xeral da seguridade e protección civil. Inversión nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	10.000,00 €

161.62300	Abastecemento domiciliario de auga potable. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	37.000,00 €
TOTAL FINANCIACIÓN		76.943,32 €

III) RESUMEN :

EXPRESIÓN		
1.-Total	suplemento	de
crédito		76.943,32 €
2.- Financiación:		
1. Novos		
ingresos.....		
2. Baixas		por
anulación.....		
3. Remanente		líquido
tesourería.....		76.943,32 €
3.-	Financiación	igual
habilitación.....		a
		76.943,32

SEGUNDO.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

TERCEIRO.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

CUARTO.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO .- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde,

Alberto González Fernández (asdo. dixitalmente)”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía.

Votos favorables dos membros do PSG-PSOE: 7 votos e da concelleira o PP : 1 voto; coa abstención da concelleira de CENVAL: 1 voto; e abstención do BNG: 1 voto.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O sr. Alcalde anuncia a presentación por via de urxenza do seguinte asunto, xustificando a urxenza na conveniencia de ter un plan municipal de prevención e defensa de incendios forestais dado a estación de verán e altas temperaturas na que nos encontramos..

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, apreza a urxenza, incluíndo en consecuencia o seguinte asunto Fóra da Orde do Día.

.- PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS.-

PROPOSTA DE ALCALDIA AO PLENO APROBACION INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS.

É Competencia dos Concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais , e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

O Estatuto de autonomía de Galicia no artigo 27.10 e a Constitución de 1978 nos artigos 148.1.8 e 149.1.23 determinan o marco normativo xeral de referencia en materia de prevención e incendio forestais . A Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes atribúe a Comunidade Autónoma a facultade para desenvolver os aspectos de defensa contra incendios forestais dotando dun marco regulador lexislativo que contribúe a fortalecer a seguridade xurídica das administracións públicas galegas e dos cidadáns na prevención e defensa contra os incendios forestais.

O Concello de Valdoviño incluírá na axenda do próximo Pleno Municipal a proposta de aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

Trala súa aprobación inicial, deberá ser sometido a información pública por un período de 30 días hábiles para quen o desexe poida formular as alegacións, observacións e suxerencias correspondentes.

O Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios Forestais do Concello de Valdoviño foi elaborado pola empresa Seaga (Empresa Pública de Servicios Agrícolas), en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, Fegamp e Seaga no ámbito da prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias.

Este plan, define as redes de faixas secundarias dacordo co artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, incluídos os plans coa rede secundaria de faixas de xestión de biomasa perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable, e a relación de parcelas afectadas.

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente

PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención e Defensa de incendios forestais.

Segundo.- Publicar a súa aprobación inicial para ser sometido a información pública durante 30 días hábiles para quen o desexe poida formular alegacións, observacións e suxerencias.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a súa aprobación inicial.

/Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe/

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (10 membros dos 13 que a compoñen), acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

II) PARTE DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MAIO DE 2022.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de maio de 2022, que comprenden do número 177 ao 251 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervención grupo municipal BNG.- (Sr. Ameneiros Serantes)

Sr. Ameneiros- Como vai a recollida do lixo?

Sr. Alcalde.-Na mesa de negociación non se poñen acordo. Estamos á espera das modificacións dos pregos.

Sr. Ameneiros- Os camións están feitos unha porcallada. Hai que miralo tema do persoal. Estamos pagando por un servizo e teñen que cumprir. Os contenedores están rotos.

Sr. Alcalde.- Os traballadores melloraron a nivel salarial. Tomáronse medidas e tamén a nivel de seguridade.

Sr. Ameneiros- Os traballadores están en folga por algo.

Sr. Alcalde.- Por agora non houbo votación e non sabemos se queren folga e quen. Os contedores están vandalizados. Estase facendo unha auditoría. Trasládouse a policía e a garda civil.

Sr. Ameneiros- Fai 6 anos dixen que había unha plantación de eucaliptos en Meirás e agora están enormes. Ninguén fixo nada.

Sr. Alcalde.- Iso o descoñezo, ten que haber denuncia. Non me acordo se a plantación cumpre e si se tramitou. De memoria non o sei.

Sr. Ameneiros- Tamén falei dunha casa en O Barral.

Sr. Alcalde.- Está xudicializado.

Sr. Ameneiros- O Plan de urbanismo, os que o redactan veñen polo Concello?

Sr. Alcalde.- Si

Sr. Ameneiros- Hai vivendas en unidades de actuación.

Sr. Alcalde.- Pero son temas diferentes. Iso o terá que facer o Concello.

Estase actuando nalgunha unidade de actuación pero hai vivendas que veñen de atrás e están prescritas moitas situacións.

Sr. Ameneiros- Cantas alturas hai?

Sr. Alcalde.- Depende dos sitios. Estase informando na Comisión de Urbanismo.

Sr. Ameneiros- Se permiten edificios altos, permiten a especulación.

Sr. Alcalde.- A previsión urbanística non é facer edificios altos.

Sr. Ameneiros- Ten que haber parques , zonas verdes, espazo para bicicletas,...

O sistema de numeración non me gusta, perdéronse moitos topónimos. Por exemplo, Rioobo, leva dúas oes e non leva acento.

Sr. Alcalde.- Descoñecía o de Rioobo.

Sr. Ameneiros- Tampouco se está desbrozando.

Sr. Alcalde.- Están desbrozando todo o ano. A herba medra.

.- Intervención grupo municipal CENVAL.-

Sra. Veiga.- As sinalizacións como van?

Sr. Alcalde.- Estamos pendentes da Deputación

Sra. Veiga.- Hai que reparar os baches no Broño.

Sr. Alcalde.- Estamos en elo, pendentes da adxudicación.

.- Intervención grupo municipal PP.- (Sra. Testa Ameneiros)

Sra. Testa.- Como imos a dar de alta vivendas, por qué non destinamos os cartos recadados aos contenedores do lixo?

Sr. Alcalde.- Os cartos aínda non os temos.

Sr. Benito Vega.- Déronnos 40 contenedores.

Sr. Alcalde.- Estamos actuando e neste tema xa dixen que hai moito vandalismo.

Sra. Veiga.- E no novo contrato quen se fai cargo dos contenedores?

Sr. Alcalde.- A nova empresa adxudicataria.

Sra. Testa.- Na Avenida Couce Casas, nunha zona levantouse o cemento.

Sr. Benito Vega.- O miraremos.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e quince minutos deste día, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

/Documento asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/